

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- c) Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 5 de abril de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0801

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Becerreá, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2022, aprobou definitivamente o Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Becerreá, confeccionado pola empresa SEAGA, ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, subscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Aos efectos de publicalo na súa integridade, anúnciase que este figura exposto na páxina web do Concello de Becerreá: www.concellobecerrea.es

O que se fai público para o xeral coñecemento en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Becerreá, 5 de abril de 2022.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0802

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 334/2022 E 335/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 23 de marzo de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.987,26 €, correspondendo 1.099,20 € a libre concorrencia e 6.888,06 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 1 de abril de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0803